

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E OS CONCELLOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS PARA ACTUACIÓNS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO CAMIÑO FRANCÉS, E DE ATENCIÓN E INFORMACIÓN AO PEREGRINO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou cos concellos galegos do Camiño Francés o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 23 de marzo de 2016 ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto do presente convenio definir os termos de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e os concellos de Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela para as seguintes liñas de actuacións:

Liña 1. Mantemento e conservación do Camiño Francés no seu paso polos citados concellos.

Liña 2. Atención e información continuada e específica de todo o Camiño Francés e do fito xacobeo aos/ás peregrinos/as.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1.- O artigo 1 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, dispón que se crea a Axencia Turismo de Galicia como axencia pública autonómica, e terá como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

O artigo 9 dos seus estatutos establece as funcións e competencias da Axencia para acadar os seus obxectivos, dispoñendo na súa alínea i) que lle corresponde “a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago”.

Así mesmo, o apartado 2 do artigo 8 da Lei 3/1996, de Protección dos Camiños de Santiago, establece que as administracións locais cooperarán cos órganos da Xunta de Galicia na conservación e protección dos tramos do Camiño que discorran polos seus respectivos territorios, adoptando as medidas oportunas que eviten a súa deterioración ou destrución.

2.- O Camiño Francés foi declarado o Primeiro Itinerario Cultural Europeo, Ben de interese cultural, e Patrimonio da Humanidade e por tanto, non só o Camiño mais importante dos que levan a Santiago senón tamén o mais transitado e o que necesita un valor mais alto de protección así como unha atención aos peregrinos continuada sobre todo na época estival. A Axencia Turismo de Galicia está por tanto interesada tanto na súa conservación e mantemento como na atención ao peregrino e en prestarlle a información necesaria durante a citada época estival que é a que conglomera o maior número de peregrinos/as que se achegan ao Camiño de Santiago.

3.- Os municipios de Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradelas, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela, todos das provincias de Lugo e A Coruña, son os concellos polos que transcorre a ruta do Camiño Francés, e están interesados en colaborar para a revalorización do Camiño e a prestación dunha mellor atención aos peregrinos que pasan a noite nos mesmos a través dunha atención e información ao peregrino.

Por todo isto dificúltase a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Elena Barca Ramos